



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 4214/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Contratacións/ Contrataciones

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Procedemento: Contratación aberto simplificado abreviado.

Expediente número: 4214/2024

Asunto: Resolución da Alcaldía polo que se declara deserto o procedemento de contratación das obras de **“Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba”**.

Vista a memoria xustificativa da Alcaldía onde se xustifica o contrato para celebrar polo Concello nos termos no artigo 28 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tal e como esixe o artigo 116.1 da citada norma.

Visto decreto da alcaldía n.º2024-0891 de data 14/08/2024 mediante o cal se procede á aprobación do expediente de contratación das obras de *“Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba”* xunto coa publicación no perfil de contratante de toda a documentación integrante do expediente de contratación para a presentación de ofertas no prazo de 10 días hábiles desde a devandita publicación.

E á vista do expediente de contratación tramitado:

Cualificación xurídica do contrato	obras
Procedemento de contratación:	Aberto Simplificado abreviado





Obxecto do contrato	“Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba”
Código CPV	45261213 Colocación de cubertas metálicas 45331200-8 Traballos de instalación de ventilación y aire acondicionado
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	54.543,56€
Valor estimado do contrato	45.077,32€
Duración da execución	2 meses

A presente resolución trae causa dar conta de que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas non consta que, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, foran presentadas ofertas para participar na licitación que nos ocupa e polo tanto procede declarar deserta a licitación en aplicación do artigo 150.3 da LCSP, en virtude do cal, o órgano de contratación declarará deserto o procedemento cando non haxa propostas admisibles conforme ao prego.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1424 de 30 de agosto de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR/2024/1424 de 30 de agosto de 2024.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

En vista do exposto anteriormente, este Órgano de Contratación de acordo cas atribucións que me confire o artigo 21.1 dá Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e en aplicación do art.10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, **RESOLVE:**

PRIMEIRO. Avocar as competencias da Xunta de Goberno Local, outorgadas por delegación da Alcaldía mediante resolución para o efecto con número 439 e data do 30 e xuño de 20231, por circunstancias de interese público que así o fan preciso co obxecto de axilizar o presente expediente, que non pode ser aprobado pola Xunta de Goberno Local con brevidade.

SEGUNDO. Formalizar que a licitación do contrato obras de “Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba” *tramitado mediante procedemento aberto simplificado abreviado, queda **DESERTA.**





Concello de Vilalba

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así como dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión común que se celebre, todo iso de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**

